



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

**Expediente:236/2020**

En Muros, na data da sinatura dixital, a Sra. Alcaldesa do Concello de Muros D<sup>a</sup>. María Inés Monteagudo Romero dita a seguinte RESOLUCIÓN:

En data 29 de marzo de 2020 publícase no BOE o Real Decreto Lei 10/20 polo que se regula un permiso retributivo recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que no presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19.

Reunida a comisión de seguimento creada ao efecto en data 30 de marzo de 2020, se dou conta das novas circunstancias e visto que este Real Decreto Lei 10/20 de 29 de marzo comportaba para o concello de Muros a necesidade de ditar as instrucións que foran necesarias para o funcionamento dos servizos públicos municipais.

En data 30 de marzo a alcaldía dita resolución 394/20 pola que se procede a modificar o parágrafo 3 do Decreto 365/20 de 16 de marzo de 2020 excluindo dos servizos esenciais os departamentos de urbanismo, deportes, cultura e conserxería e establecendo que persoal sería beneficiario do permiso retribuído recuperable de carácter obrigatorio entre o 30 de marzo ata o 9 de abril, ambos inclusive, así mesmo, se establecían quendas rotatorias e en días alternos para a atención do servizo, en horario de 9.00 a 13 horas.

Reunida de novo a comisión de seguimento creada ao efecto en data 15 de abril de 2020 se da conta das novas circunstancias e a finalización do permiso retribuído recuperable e polo tanto se considera preciso ditar novas instrucións para o funcionamento dos servizos públicos do concello de Muros, sendo necesario realizar un novo reaxuste no Decreto 365/20 modificado polo Decreto 394/20.

Visto o anterior, en uso das miñas atribucións como Alcaldesa, RESOLVO:

1º.- Proceder a modificar o paragrafo 3 do Decreto 365/2020 de 16 de marzo de 2020 modificado polo Decreto 394/20 de 30 de marzo, incluíndo novas instrucións excepcionais de acordo co Estado de Alarma ditado polo estado e que se atopa prorrogado a data de hoxe.

2º .- Dado que se ten realizado a oportuna avaliación de risco do persoal municipal, fronte a exposición do novo Coronavirus (COVID-2019), por parte da empresa encargada da prevención do Concello de Muros, Quirón Prevención S.L.U , e unha vez adoptadas cantas medidas de seguridade e aquelas outras que foron



## CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

oportunas a través dos medios pertinentes para garantir a seguridade e saúde de todo o persoal , os servizos municipais funcionarán a partires do 20 de abril de 2020 e ata que remate o Estado de Alarma, a porta pechada, e en horario de 9:00 a 14:00 h.

3º.- Se establecen como servizos esenciais os seguintes:

- Rexistro de entrada e portelo único
- Secretaría Xeral
- Persoal
- Intervención
- Tesourería
- Servizos Sociais e CIM
- OMIC
- Informática
- Obras Vías e Medio Ambiente
- Electricidade
- Limpeza de rúas e edificios públicos
- Cemiterios
- Urbanismo
- Deportes
- Cultura
- Conserxería

4º.-Dar publicidade deste Decreto mediante todos os medios internos e externos dispoñibles para o xeral coñecemento, dando conta ao pleno na primeira sesión que se celebre.

En Muros asinado dixitalmente

A alcaldesa

A secretaria